



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MELIDE

*Aprobación definitiva da modificación do artigo 6 da ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga do Concello de Melide*

#### EDICTO

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo pleno en sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2024 sobre modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución da auga, publicado no BOP número 232, de 02/12/2024, e unha vez transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se teña presentado ningunha reclamación, publícase o texto da modificación do artigo 6 da Ordenanza número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga, que quedaría redactado como segue:

*“Artigo 6º–COTA TRIBUTARIA.*

*Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base impositible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:*

*Tarifas do servizo de abastecemento:*

*1.–Abonados domésticos e comerciais:*

*1.1.–Mínimo de 10 m<sup>3</sup> mes: 0,4531 €/m<sup>3</sup>*

*1.2.–Excesos: 0,5732 €/m<sup>3</sup>*

*2.– Usos industriais e obras:*

*2.1.–Mínimo de 30 m<sup>3</sup> mes: 0,5201 €/m<sup>3</sup>*

*2.2.– Excesos: 0,6398 €/m<sup>3</sup>”*

A modificación entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría e o texto da modificación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Melide, 20 de xaneiro de 2025

O alcalde,

José Manuel Pérez Penas

*Documento asinado electrónicamente.*